

Máscaras e ambición: Fernández Mallo explora a xungla do mundo empresarial

A delegación dunha multinacional vive un ambiente de máxima tensión e desconfianza. Tras un brusco cambio no organigrama da dirección comezan a darse movementos estraños que desembocan en secuestro e asasinatos. A última novela de Marcelino Fernández Mallo, *Cen ilíadas* (Toxosoutos), sitúa no mundo da empresa un *thriller* que presentará mañá na Librería Couceiro de Compostela, acompañado de María Obelleiro e Lourenzo Fernández Prieto.

Manuel Xestoso

23 de marzo de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/mascaras-ambicion-fernandez-mallo-explora-xungla-do-mundo-empresarial/20260323220350251265.html>

[Fernández Mallo](#), un economista cunha longa traxectoria literaria, recoñece, en conversa con *Nós Diario*, que a súa carreira profesional en diferentes sectores empresariais influíu na creación dos perfís e vicios que retrata na novela. "Indubidabelmente. Todo exercicio de ficción parte sempre dunha base real. Neste caso, a identificación é clarísima por dúas vías fundamentais: o escenario, que é o da multinacional –coas súas estratexias e relacións complexas coa administración– e a riqueza de perfís humanos cos que tratei".

Eses perfís humanos reflicten personalidades moi específicas que se definen pola súa posición na xerarquía da empresa, porque esta "ten tantos postos e funcionalidades que as distintas personalidades emerxen desde o máis fondo. Iso é moi enriquecedor para un escritor e trasládase aos personaxes, que están moi marcados polo que eu defino como un teatro de aparencias".

Un teatro de aparencias que provoca unha dualidade entre o perfil profesional e persoal das personaxes. "Esa dualidade é visíbel desde o primeiro contacto que tes con esta xente. Teñen un modo de comportarse na casa ou cos amigos, pero poñen unha máscara no momento en que pisan a oficina. Alí teñen obxectivos moi específicos e o seu primeiro propósito, por riba de calquera outro, é sobrevivir".

Cen ilíadas recolle perfectamente unha *lóxica da eficiencia* que, ademais, está a colonizar os espazos máis íntimos, porque "acaba fagocitando o resto da sociedade. A experiencia na empresa é tan forte e transformadora que resulta case imposíbel cambiar de papel ao chegar á casa. Ademais, vivimos nun sistema absolutamente patriarcal onde o directivo adoita ser home

e a muller herda ou contáxiase deses obxectivos, participando de xeito invisíbel pero decisivo nas súas posicións".

Unhas posicións que, ademais, se definen en función dunha obsesión enfermiza polos resultados. "A obsesión polos resultados é completamente paranoica. Se o resultado final non é o previsto ou queda por debaixo da competencia, moitos directivos desespéranse. Esa cifra modela o seu comportamento e estado de ánimo: se non se acada o obxectivo aparece un ambiente lúgubre. Malia o *glamour* que se proxecta, nestas relacións imperan unhas reaccións moi primarias ante o éxito ou o fracaso".

O delitivo e o moral

Dá un pouco de medo preguntarlle a Fernández Mallo se a novela é fiel á realidade en canto que os personaxes chegan a cometer delitos graves perseguindo os seus obxectivos. "O delito de *guante branco* –corrupción, suborno, fraude, prevaricación– está sempre presente", responde. "Mais ás veces é unha simple cuestión de semántica decidir se unha operación é delitiva ou só inmoral, é un terreo moi pantanoso. Na novela os personaxes chegan a situacións extremas pero para formular cuestións morais: até que punto tes que verte desesperado para facer cousas que noutro contexto serían impensábeis", afirma.

O que nos leva a preguntarnos se o verdadeiro motor dun directivo é a empresa ou a súa propia ambición. O autor pensa que "aínda que cobran polos resultados da empresa, os seus obxectivos primordiais son persoais. Buscan acadar unha posición de poder e privilexio social para demostrar o seu acerto e intelixencia. Unha vez que teñen cartos, o que máis desexan é o recoñecemento social".

E nese camiño, a traizón é unha ferramenta recorrente. "Un crime é custoso, pero romper unha relación con alguén que te molesta na túa escalada é sinxelo. Na lóxica dese ambiente, a traizón é algo case diario".

Sobre a escaseza de ficción que aborde o mundo da empresa na Galiza, o autor sinala que "quen coñece este ámbito adoita estar demasiado focalizado nese pequeno universo: o perfil do directivo humanista é moi escaso. E a investigación necesaria para un autor alleo resulta moi complexa", afirma. Mais ese, sen dúbida, é un dos grandes atractivos de *Cen ilíadas*.